



OURENSE SERIES PROVINCIAIS DE ATLETISMO 2024 XORNADA 4 – 04/05/2024

REGULAMENTO

1. ORGANIZACIÓN

A Delegación en Ourense da Federación Galega de Atletismo coa colaboración do Servizo Provincial de Deportes da Xunta de Galicia e a Deputación de Ourense organiza a **Ourense Series Provinciais de Atletismo 2024 –Xornada 4**, que se celebrará o sábado, 4 de maio de 2024 na Pista de Atletismo “Josefina Salgado” do Complexo Deportivo de Monterrei – O Pereiro de Aguiar.

2. PROGRAMA DE COMPETICIÓN – HORARIO

HORA	PROBA	CATEGORÍA	SEXO	ATLETAS
19:30	Disco	S16 a ABS	Mixto	12
19:30	1.500 m. Obs.	S16	Masculino	12
19:40	150 m.	S14	Masculino	16
19:50	150 m.	S14	Feminino	16
20:00	100 m.	ABS	Masculino	24
20:10	Xavelina	S16 a ABS	Mixto	12
20:15	Lonxitude	ABS	Mixto	16
20:15	100 m.	ABS	Feminino	24
20:35	400 m.	ABS	Masculino	16
20:45	400 m.	ABS	Feminino	16

O horario poderá ser modificado en función da inscrición.

3. PARTICIPACIÓN E CRITERIO DE ADMISIÓN

Poderán participar atletas con licenza da FGA.

Terán preferencia atletas da provincia de Ourense.

Poderanse admitir atletas doutras provincias tendo en conta as mellores marcas da tempada 2024.

4. INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse a través da extranet da RFEA <https://sdp.rfea.es/> ata as 23:59 h. do luns, 29 de abril de 2024.



**Federación
Galega de
Atletismo**



Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com C.I.F. G15103500



**DEPORTE
GALEGO**

No caso de non asistencia xustificada aplicaranse o réxime das normas técnicas da Federación Galega de Atletismo.

5. RETIRADA DE DORSAIS

Os dorsais deberán ser recollidos polo Delegado do Club (ou persoa autorizada) en Secretaría con antelación suficiente á celebración da proba.

6. NORMATIVA

Para todo o non disposto neste regulamento aplicarase a normativa FGA, RFEA ou WA.